

BOAS PRÁCTICAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA 2012-13

TITULO:

UTILIZACIÓN DE SITES (GOOGLE) NA METODOLOXÍA DE TRABALLO POR PROXECTOS.

AUTOR/ES:

ANA MARÍA FERNÁNDEZ CASTRO / XOSÉ MANUEL VIDAL BOUZÓ

CENTRO:

CEIP A RÚA (36018975)

SINOPSE:

NO MARCO DUN AULA ABALAR, UTILIZAMOS UN SITE DE GOOGLE COMO INSTRUMENTO PARA ORGANIZAR E REXISTRAR O TRABALLO DESENVOLVIDO NA AULA COA METODOLOXÍA DE TRABALLO POR PROXECTOS, EN RELACIÓN CO TEMA NÚCLEO DO CENTRO: "A FLORA E A FAUNA DO CONTORNO".

DELIMITACIÓN DO CAMPO DE TRABALLO:

5º CURSO DE PRIMARIA, MATERIA DE COÑECEMENTO DO MEDIO.

MODALIDADE:

C. USO INNOVADOR DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN QUE INTRODUCAN CAMBIOS METODOLÓXICOS.

1. CONTEXTUALIZACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO (xustificación e documentos de organización do centro nos que se incorpora a boa práctica).

O traballo presentado atopa a súa xustificación nos documentos que ordenan os diferentes niveis organizativos do centro. Tanto no Proxecto Educativo (e os documentos que o compoñen) como na Programación Xeral Anual atopamos tres referencias fundamentais que guían o noso traballo, e que son: o desenvolvemento das Competencias Básicas no alumnado, a integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación na aula e a elección dun tema núcleo cada curso académico que vertebre as propostas curriculares dos diferentes niveis educativos.

É sen dúbida o desenvolvemento das Competencias Básicas o referente fundamental arredor do cal se ordenan as diferentes actuacións. En particular, no traballo que presentamos trabállanse dun modo directo as seguintes C.C.B.B.:

- . Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico
- . Competencia en comunicación lingüística
- . Competencia dixital e de tratamento da información
- . Competencia social e cidadá
- . Competencia para aprender a aprender
- . Competencia na autonomía e iniciativa persoais.

Verémolo explicado dun xeito detallado máis adiante.

A integración das TIC na aula é outro dos obxectivos básicos a acadar, e tal e como se fai constar no proxecto educativo:

As TIC están moi presentes na nosa escola e o alumnado parece apropiarse deste instrumento dun xeito moi natural, debido á súa presenza masiva no ámbito público e doméstico. Desde a nosa escola, conforme ás directrices do noso Plan de Introducción das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, marcarémonos un dobre obxectivo:

. Promoveremos un uso responsable das TIC, centrado na busca, selección, procesamento e transmisión da información e o coñecemento dun xeito reflexivo e crítico, utilizando con ese fin os recursos que internet nos ofrece: busca de información, publicación de blogs, etc.

. Promoveremos a progresiva integración das TIC na aula, como un recurso ao servizo da práctica docente.

As TIC tamén serán un campo útil na transmisión de valores de solidariedade, cooperación e traballo en equipo.

Na Programación Xeral Anual do curso 2012-13 aparece recollida a proposta de tema núcleo sobre “A fauna e a flora do contorno”:

O tema núcleo do presente curso versará sobre “A flora e a fauna do contorno”. Pretendemos fomentar o coñecemento e o respecto polo contorno máis inmediato. Os Equipos de Ciclo farán a proposta de actividades para levar a cabo co alumnado. Contaremos coa colaboración das familias na busca de

información e identificación de especies así como na realización de obradoiros, charlas, experimentos... co alumnado. O Equipo Directivo facilitará os medios para desenvolver as actividades e coordinará a programación das mesmas.

2. ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS (concreción, relación cos documentos de centro/aula, temporalización, espazos...)

A nosa experiencia consistiu na utilización dun Site de Google co obxectivo de organizar e rexistrar o traballo desenvolvido na aula coa metodoloxía de traballo por proxectos en relación co tema núcleo do centro para o curso 2012-13, que foi : “A flora e a fauna do contorno”. O Site elaborado atópase na seguinte dirección: <https://sites.google.com/site/conecementodomedio5oarua/in-the-community/segunda-sesion-16-11-2011>

Esta experiencia sitúase no contexto dun aula de 5º de primaria, dotada co equipamento Abalar, e en relación coa área de Coñecemento do Medio, a mestra propón levar a cabo un proxecto de investigación co título: “Os ecosistemas terrestres do Morrazo”.

No primeiro trimestre, mantendo a perspectiva da interacción dos distintos elementos que constitúen un ecosistema, centramos a nosa investigación na vexetación. No segundo, e parte do terceiro, a investigación focalizouse no reino animal, contando, polo tanto, con experiencia previa neste tipo de traballo.

No Site comezamos fundamentando este traballo de investigación co apartado de contextualización e xustificación, onde se fai referencia ao tema de estudo, ao produto final esperado, ás competencias básicas que se desenvolven, aos obxectivos xerais, aos obxectivos específicos por áreas (tamén se traballan as áreas de lingua castelá e galega así como a área de matemáticas), a secuencia de actividades (tarefas), aos tipos de agrupamentos e traballo individual, aos recursos utilizados e á temporalización.

Vexámolo en máis detalle tal e como figura na Site:

O tema do proxecto

O tema do proxecto son os animais do ecosistema terrestre do Morrazo. A elaboración deste proxecto nace como consecuencia do traballo que se realiza sobre o tema núcleo desenvolvido no centro durante este curso académico "A flora e fauna dos bosques do Morrazo".

O proxecto desenvólvese no CEIP A Rúa, en Cangas, na aula de 5º de primaria, que conta con 22 alumnos/as.

Produto final do proxecto

Os alumnos deberán entregar un documento de texto, unha presentación multimedia (en LibreOffice ou en Google Drive) e un mapa conceptual. A presentación servirá de base para a exposición oral na aula polos diferentes grupos. Os tres documentos serán subidos ao Site.

Competencias que se traballan

- **Competencia dixital e de tratamento da información:** moi especialmente a competencia no tratamento da información (busca, selección, procesamento e comunicación da información elaborada), auténtico núcleo deste traballo.
- **Aprender a aprender:** o alumnado é guiado polo mestre/a nun proceso que busca o aumento da súa autonomía na consecución das aprendizaxes, organizando o seu traballo e os coñecementos adquiridos en esquemas e mapas conceptuais.
- **Comunicación lingüística:** acada a súa máxima expresión na exposición oral, que se realiza en tres momentos, o primeiro diante dos compañeiros/as de aula, o segundo diante das familias, e o terceiro diante do resto do alumnado do centro. Tamén a construción dos traballos escritos e a súa mellora interaccionando co mestre/a desenvolven esta competencia. Foi salientable o traballo de tradución do castelá ó galego, xa que a meirande parte da información atopada na web era en castelá.
- **Coñecemento e interacción co mundo físico:** o propio tema do proxecto xustifica dabondo o traballo nesta competencia, contribuíndo a sensibilizar, a coñecer e a respectar a fauna existente na comarca do Morrazo e a ser conscientes das funcións dun ecosistema.
- **Social e Cidadá:** a aprendizaxe cooperativa é a ferramenta fundamental para a aprendizaxe da competencia social e cidadá, creando a necesidade de organizarse en grupo, estruturar o traballo, resolver co diálogo os conflitos que se presentan e a responsabilizarse do produto final de forma colectiva.
- **Autonomía e Iniciativa persoal:** o alumnado desenvolve a súa autonomía e iniciativa persoal, ideando novas propostas sobre o traballo requerido, buscando un ritmo persoal de traballo utilizando internet no seu propio domicilio, etc.

Obxectivos xerais

1. Levar a cabo un traballo de investigación de xeito cooperativo sobre os animais do ecosistema terrestre do Morrazo.
2. Buscar a integración das TIC na actividade de aula.
3. Traballar co alumnado na busca e selección de información usando a biblioteca do centro e internet.
4. Utilizar o servizo de Google Drive para elaborar un documento de texto e unha presentación multimedia.
5. Traballar a capacidade de expresión escrita na elaboración do dossier e a expresión oral a través da exposición na aula dos traballos realizados.
6. Crear un sitio onde facer público tanto as actividades propostas como o traballo do alumnado, facilitando que estes compartan os seus traballos e material, tanto na mesma escola como con outros centros docentes.

Obxectivos específicos por área

As áreas máis implicadas serán as de Coñecemento do medio e linguaxe.

Linguas galega e castelá

- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado nas actividades grupais, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Expresarse oralmente de xeito adecuado na exposición do traballo realizado. Comprender as preguntas dos compañeiros/as e respondelas axeitadamente.
- Utilizar as dúas linguas (galego/castelá) eficazmente no proxecto, tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir o traballo final.
- Traducir con coherencia ó galego toda a información recollida en lingua castelá.
- Utilizar internet para a busca e interpretación de información. Usar axeitadamente as distintas aplicacións (Impress, Free Mind, Libreoffice, Google Drive...) para a transmisión da información elaborada polos distintos grupos.
- Utilizar adecuadamente a biblioteca como fonte de recursos variados para a obtención de información referente ó tema.
- Recompilar manifestacións culturais referentes ó proxecto dos animais (refrás, coplas populares, cantigas, lendas...)

Coñecemento do Medio natural, social e cultural (bloque 2, plantas e animais)

- Coñecer e gozar dos ecosistemas máis próximos, valorando a biodiversidade e a necesidade de contribuír a súa conservación.
- Coñecer e valorar os animais da contorna e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Identificar e analizar as características, organización e interaccións dos animais no seu medio, tendo en conta a súa localización xeográfica.
- Identificar, analizar e valorar criticamente a intervención humana no medio e o seu impacto a curto e a longo prazo, adoptando o compromiso individual e colectivo de actuar na defensa, conservación e recuperación do medio natural.
- Identificar e resolver interrogantes relacionados coa contorna usando estratexias de busca, selección e tratamento da información, mantendo unha actitude crítica ante as fontes.
- Establecer unha rede clara das ideas básicas do proxecto que facilite a elaboración da exposición do tema.
- Expresar e comunicar o contido do traballo realizado de xeito persoal e creativo, seleccionando e interpretando datos, procesos, feitos, etc. e integrando códigos diversos (numéricos, gráficos, cartográficos, artísticos, lingüísticos) procedentes das diferentes linguaxes.
- Participar activamente no traballo de grupo planificando e realizando tarefas conxuntas, dialogando e argumentando as propias opinións e contrastándoas coas das

outras persoas e adoptando un comportamento responsable, construtivo, comprometido e solidario, respectando as regras de organización pactadas e os principios básicos do funcionamento do grupo.

Matemáticas

- Empregar técnicas elementais de recollida de datos (mapas conceptuais) para comprender a información obtida, representala de xeito gráfico e formarse un xuízo sobre a mesma.

Secuencia de actividades

A secuencia de actividades figura no apartado de tarefas

Tipos de agrupamentos e traballo individual

As tarefas realizaranse en parellas ou en grupos de 3 alumnos/as.

Materiais que se necesitan

Ir ao apartado de recursos

Temporalización

2º trimestre do curso 2012-2013 (4 sesións semanais) e parte do 3º trimestre.

Unha vez establecido este marco previo, comeza propiamente o desenvolvemento do proxecto, con **tres partes ben diferenciadas**:

a) Na primeira parte a profesora prepara unha **presentación do proxecto**, dirixida ao alumnado, co obxecto de activar a súa motivación e delimitar, no marco do traballo en grupos, os procedementos e o produto final da tarefa, así como a avaliación.

Somos un equipo de investigadores/as que imos traballar para protexer animais do ecosistema terrestre do Morrazo, e para iso deberemos coñecer que animais necesitan unha especial protección, como viven, como se alimentan, como se reproducen, cales son as particularidades do seu hábitat específico, etc.

Organizarémonos en grupos e cada grupo escollerá un animal da súa predilección, coa condición de que pertenzan a diferentes clases do reino animal (ver documento de información básica de partida).

De seguido cada grupo terá que realizar as tarefas encomendadas para buscar, seleccionar e organizar a información, servíndose dos recursos referenciados máis abaixo.

Finalmente cada grupo exporá oralmente diante dos compañeiros da aula os achados da súa investigación.

O traballo realizado será avaliado conforme aos criterios recollidos no apartado de avaliación.

Esta primeira parte segue o modelo ou estrutura básica dunha Webquest, organizando o traballo nos seguintes pasos: presentación, información básica de partida, tarefas a desenvolver, normas para a elaboración do traballo de investigación, recursos web a consultar e rúbrica de avaliación.

b) Na segunda parte, que realmente constitúe o núcleo central do traballo, **recóllense os procesos de ensino-aprendizaxe** levados a cabo durante a realización das tarefas. Rexístranse momentos relevantes do traballo na aula, complementándoo con imaxes. Consideramos esta parte como fundamental, pois é aquí realmente onde se levan a cabo as aprendizaxes do alumnado e onde a profesora xoga un papel determinante de cara a acadar os obxectivos propostos, actuando como guía que acompaña a aprendizaxe dos seus alumnos. Non nos equivocamos ao afirmar que grazas a este papel primordial, e dependendo do clima que consiga xerar na aula xunto aos seus alumnos, do seu papel como impulsora e activadora da motivación do grupo, das portas e ventás que consiga mostrar para que os seus alumnos se lancen na busca da información precisa, de todo isto dependerá en boa medida o éxito na aprendizaxe e a calidade das tarefas desenvolvidas.

Rexistramos, por tanto, algúns deses momentos significativos, tal como a busca de información na biblioteca do colexio, a análise desa información na aula, a busca de nova información en internet para completar a información que falta, a redacción do primeiro borrador utilizando o procesador de textos (LibreOffice), o rexistro dunha iniciativa espontánea que nace dos alumnos, e que consiste en elaborar figuras de papiroflexia dos animais estudados, o momento do formatado do texto definindo estilos para poder elaborar un índice automatizado, a elaboración do mapa de ideas, a elaboración da presentación multimedia utilizando Google Drive, e as exposicións orais dos diferentes grupos diante dos seus compañeiros. Estas exposicións orais, no momento final do traballo, repetíronse de novo diante dos compañeiros do centro educativo, no espazo da biblioteca, e mesmo diante dos pais e nais deste alumnado, proceso no que os alumnos/as foron afianzando a súa posta en escena.

c) No terceiro e último momento lévase a cabo un **registro dos resultados obtidos**, é dicir, da culminación das tarefas desenvolvidas polo alumnado, e que neste caso refírense aos traballos escritos presentados en LibreOffice e ás presentacións multimedia elaboradas en Google Drive, e que serviron de base para as súas exposicións orais.

Documentos de texto (elaborados con LibreOffice Writer)

[Traballo "O cempés", elaborado por Mario Núñez, Tania e Inés](#)

[Traballo "As arañas", elaborado por Santi, Pedro e Laura](#)

[Traballo "O caracol", elaborado por Luana, Yanira e Candela](#)

[Traballo "A píntega", elaborado por Anira, Nico e Mario Santos](#)

[Traballo "A bubela", elaborado por Álvaro e Antón](#)

Presentacións (elaboradas con Google Drive)

[Presentación "A bubela", elaborada por Antón e Álvaro](#)

[Presentación "O raposo", elaborada por Cris, Ían e Rubén](#)

[Presentación "As arañas", elaborada por Laura, Pedro e Santi](#)

[Presentación "O caracol", elaborada por Luana, Yanira e Candela](#)

A modo de resumo da estrutura do traballo descrita ata aquí, incluímos o Índice do Site:

[1 Contexto e xustificación do proxecto](#)

[1.1 O tema do proxecto](#)

[1.2 Produto final do proxecto](#)

[1.3 Competencias que se traballan](#)

[1.4 Obxectivos xerais](#)

[1.5 Obxectivos específicos por área](#)

[1.6 Secuencia de actividades](#)

[1.7 Tipos de agrupamentos e traballo individual](#)

[1.8 Materiais que se necesitan](#)

[1.9 Temporalización](#)

[2 Presentación do proxecto](#)

[3 Información básica de partida](#)

[4 Tarefas](#)

[4.1 Tarefa 1](#)

[4.1.1 Normas para a elaboración do traballo de investigación](#)

[4.2 Tarefa 2](#)

[4.3 Tarefa 3](#)

[5 Recursos](#)

[6 Avaliación](#)

[7 Proceso](#)

[7.1 Tarefa 1: Cada grupo investigará sobre un animal dos ecosistemas terrestres do Morrazo.](#)

[7.1.1 a\) Buscando información na biblioteca do colexio \(23-1-13\)](#)

[7.1.2 b\) Analizando a información bibliográfica](#)

[7.1.3 c\) Completando a información en internet.](#)

[7.1.4 d\) Redactando o borrador](#)

[7.1.5 e\) Unha iniciativa espontánea.](#)

[7.1.6 f\) Dándolle formato ó texto](#)

[7.2 Tarefa 2: Elaboración do mapa de ideas do traballo escrito.](#)

[7.3 Tarefa 3: Elaboración da presentación multimedia do traballo en Google Drive.](#)

[7.4 Exposicións orais dos diferentes grupos](#)

[8 Traballos presentados](#)

[8.1 Presentacións \(elaboradas con Google Drive\)](#)

[8.2 Documentos de texto \(elaborados con LibreOffice Writer\)](#)

[8.3 Vídeos exposicións dos traballos](#)

3. RECURSOS E MATERIAIS UTILIZADOS

3.1. Relación de recursos empregados

Os recursos básicos utilizados constitúeno a plataforma de Sites de Google, a conexión a internet, e en xeral o equipamento dun aula Abalar, que permite o uso de miniportátiles para cada alumno/a da aula. Sen embargo, esta última tampouco se constitúe nunha condición indispensable, pois poderían desenvolver o traballo facendo uso dos ordenadores da aula de informática e dos que dispoñen nos seus propios domicilios.

Tamén se fixo uso de software específico, como o procesador de textos (LibreOffice) e deseño de presentacións multimedia en Google Drive.

3.2. Metodoloxía da súa utilización (traballo por proxectos)

Unha vez proposto o traballo, constituíronse os grupos de traballo, formados por 2 ou 3 alumnos/as. O alumnado utilizou para realizar as tarefas propostas as fontes de investigación seleccionadas pola mestra, que inclúen tanto os recursos bibliográficos que o propio alumnado debe buscar e atopar na biblioteca do centro, outros recursos bibliográficos que poidan atopar nos seus fogares coa colaboración das familias, e os recursos web que se poñen á súa disposición no apartado de recursos do propio Site. O proceso seguiu os seguintes pasos:

1. Busca e análise de información.

Ó alumnado a estas idades cústalle moitísimo centrarse na busca concreta de datos e na síntese e estruturación da información obtida. É a razón de que se utilice como estratexia metodolóxica a análise colectiva desa busca, das sínteses elaboradas e a comunicación das mesmas.

Para mellorar neste senso, focalízase a busca de información en preguntas concretas (ver guía de traballo para os grupos). Analízase de xeito colectivo: a información obtida por un grupo nun texto informativo dado, o mapa de ideas elaborado cooperativamente, as presentacións (estrutura, pertinencia contido, imaxes...)

2. Consulta na Biblioteca.

Foi necesario acompañalos, pois dispersaban a atención. Levaban o guión de traballo para facilitarlles a busca selectiva . Aprenderon a anotar a Bibliografía. Descubriron os dicionarios enciclopédicos. Fotocopiaron as páxinas do seu interese para logo traballar con elas no grupo.

3. Busca en internet

Unha vez feito o primeiro borrador sobre o papel e comprobar a información da que aínda non dispoñían, procederon a utilizar os recursos web para atopala, mediante o uso dos ordenadores na aula.

4. Utilización do procesador de textos para desenvolver o traballo escrito.

Partindo dese primeiro borrador en papel proceden a elaborar un documento de texto en LibreOffice que se acabará constituíndo no traballo escrito que deben presentar. Este traballo acompáñano con imaxes descargadas de internet, e nel deben respectar todas as normas de elaboración esixidas pola mestra, co tipo de letra, tamaño, marxes... e mesmo un índice (automatizado tras definir estilos nos títulos) e a relación bibliográfica.

5. Elaboración de figuras de animais en papiroflexia

Esta iniciativa xorde espontaneamente na aula por conta dun alumno/a e deseguido todos nos sumamos a ela. O alumnado elaborou diversas figuras de animais en papel, despois de ter buscado en internet as instrucións precisas.

6. Elaboración do mapa conceptual

Unha vez elaborado o documento escrito, utilizouse este momento do traballo para elaborar o mapa conceptual, a modo de síntese e organización dos coñecementos adquiridos. Este constitúe un momento de singular relevancia, pois brinda aos alumnos/as a ocasión de asentar os seus coñecementos, buscando o maior grao de relacións posibles entre eles, e a darlle, polo tanto, o maior sentido posible. Os mapas conceptuais son ademais un instrumento privilexiado para desenvolver a competencia de aprender a aprender.

7. Elaboración dunha presentación multimedia en Google Drive

A partir do mapa conceptual dispoñen dos elementos precisos para elaborar a presentación multimedia, utilizando a conexión a internet e a plataforma de Google Drive. Á parte das dificultades técnicas de uso da aplicación, a presentación multimedia esixe tamén un esforzo de síntese, e ademais esixe pensar no público ao que irá dirixida a comunicación, co fin de facilitar ao máximo a comprensión por parte deste. Constitúe unha boa ferramenta para traballar a competencia en comunicación lingüística.

8. Presentación oral dos traballos na aula diante dos compañeiros/as

Utilizando a presentación multimedia previamente elaborada, cada grupo presenta o traballo na aula diante dos seus compañeiros/as cuidando os aspectos de “posta en escena” (dende a vestimenta elixida, os recursos didácticos de apoio, etc). Como instrumentos técnicos de apoio utilizáronse o canón de vídeo e a pantalla dixital, con acceso a internet.

9. Presentación orais na biblioteca para os diferentes ciclos educativos e para as familias do alumnado.

Dado o éxito das presentacións orais na aula, xurdiu a idea de volver presentar os traballos diante dos compañeiros da escola. Esta actividade realizouse na biblioteca, e cada grupo expuxo o seu traballo para un ciclo determinado (dende educación infantil ata o terceiro ciclo de primaria). E a seguir, como unha mostra de agradecemento á colaboración dos pais e nais, os propios alumnos fixeron a proposta de presentar os traballos tamén diante das súas familias, actividade á que asistiron bo número delas.

4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO

O principal instrumento de avaliación constitúeo a observación e o rexistro que realiza a profesora na aula no seguimento cotiá do traballo do alumnado.

Este rexistro acompáñase dunha rúbrica de avaliación, que pretende dunha forma máis obxectiva e sistemática rexistrar as diferentes compoñentes a avaliar. Enuméranse esas compoñentes e concédeselles unha puntuación en función do nivel de logro acadado. Os aspectos avaliados, tal e como figuran abaixo, foron os seguintes:

Tratamento da información

Documento de texto elaborado en LibreOffice

Mapa de ideas

Presentación multimedia (contido)

Presentación multimedia (forma)

Presentación oral (transmisión)

Presentación oral (dominio dos contidos)

Autoavaliación da actividade (mediante formulario en Drive)

	4	3	2	1
<i>Tratamento da información</i>	Identifica e clasifica sen a dificultade información nos textos.	Identifica e clasifica con algunha dificultade información nos textos.	Ten bastantes dificultades para identificar e seleccionar información buscada.	Ten moitas e serias dificultades para identificar e clasificar a información buscada.
<i>Documento de texto (open office ou drive)</i>	Contido: Acorde ás pautas, moi claro e preciso. Forma: moi ben estruturado, claro.	Contido: Acorde ás pautas, claro. Forma: ben estruturado, claro.	Contido: Acorde ás pautas e aceptable. Forma: suficientemente estruturado. Algunha dificultade de comprensión.	Contido: Non acorde coas pautas e deficiente. Forma: deficiencias na estrutura, dificultades serias de comprensión.
<i>Mapa de ideas</i>	Identifica a maioría das ideas principais, relacionándoas axeitadamente.	Identifica bastantes ideas principais, relacionándoas axeitadamente.	Identifica algunhas ideas principais, relacionándoas axeitadamente.	Dificultade para identificar as ideas principais e relacionalas axeitadamente.
<i>Presentación multimedia (contido)</i>	Moi boa síntese da información.	Boa síntese da información.	Síntese aceptable da información.	Deficiente da síntese da información.

<i>Presentación multimedia (forma)</i>	Deseño estruturado, vistoso, claro coa utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos...) en ao menos o 80% das diapositivas	Deseño estruturado, vistoso, claro coa utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos...) en ao menos o 60% das diapositivas	Deseño estruturado, vistoso, claro coa utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos...) en ao menos o 40% das diapositivas	Deseño estruturado, vistoso, claro coa utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos...) en ao menos o 20% das diapositivas
<i>Presentación oral (transmisión)</i>	Comunica e transmite a información claramente todo o tempo (95-100%) e con boa pronunciación. Diríxese directamente aos compañeiros.	Comunica e transmite a información claramente boa parte do tempo (non menos do 75%). Diríxese directamente aos compañeiros a maioría do tempo da exposición.	Comunica e transmite a información claramente unha boa parte do tempo (non menos do 50%). Diríxese directamente aos compañeiros menos da metade do tempo.	Comunica e transmite a información de forma confusa, a miúdo fala baixo ou ten mala pronunciación. Evita dirixirse directamente aos compañeiros.
<i>Presentación oral (dominio dos contidos)</i>	O alumno/a pode contestar con precisión case todas as preguntas dos seus compañeiros/a sobre o tema.	O alumno/a pode contestar con precisión a maioría das preguntas dos seus compañeiros de clase.	O alumno/a pode contestar con precisión unhas poucas preguntas dos seus compañeiros.	O alumno/a non contesta ás preguntas dos seus compañeiros de clase.
<i>Autoavaliación da actividade</i>	Completa todo o formulario con respostas coherentes e conformes co traballo desenvolvido	Completa ao menos o 80% do formulario con respostas coherentes e conformes co traballo desenvolvido.	Completa ao menos o 50% do formulario con respostas coherentes e conformes co traballo desenvolvido.	Completa menos do 50% do formulario con respostas coherentes e conformes co traballo desenvolvido

5. PROPOSTAS DE CONTINUIDADE E/OU MELLORA

Os Sites de Google ofrecen moitas variantes de traballo utilizando unha metodoloxía similar á proposta por nós, onde o alumnado pode asumir distintos niveis de protagonismo a partir dos permisos de edición que poida ofrecerlles o profesor/a.

No vindeiro curso iniciaremos un proxecto sobre A Terra e o Universo, que levará por título “Viaxe polo Universo”, e onde utilizaremos unha proposta similar, aínda que conferindo maior protagonismo ao alumnado en aspectos de edición do propio Site, como por exemplo dando permisos para editar e subir os seus traballos, e creando páxinas específicas para que eles as editen.

A modo de exemplo, poderían propoñerse diferentes tipos de actividades, como os das experiencias que incluímos na bibliografía, e dos que destacamos dous en particular:

a) Na liña co noso traballo presentado, neste exemplo o mestre/a diseña no Site unhas tarefas para o alumnado, que terá que completar de xeito colaborativo unha guía turística utilizando Google Maps, con información sobre as supostas viaxes realizadas por cada alumno/a individualmente ou ben en pequenos grupos (2 a 3 alumnos/as). Outorgando os permisos correspondentes, cada alumno ou grupo incorpora no Google Maps creado polo mestre/a información sobre a súa viaxe. Como resultado final obtense un Google Maps onde se integra toda a información achegada pola clase.

<https://sites.google.com/site/viaxamospolomundo/tarefa-7-traballo-colaborativo-en-google-maps> , no Site “Viaxamos polo mundo”

b) Na outra experiencia, para 6º curso de primaria, o mestre/a abre un Site en Google e diseña unha proposta de traballo onde o alumnado, distribuído en varios grupos (de 3-4 alumnos/as), debe elaborar un tema completo de Historia Moderna e Contemporánea, de xeito que a cada grupo se lle atribúe unha parte do traballo. Para iso, o profesor/a crea tantas páxinas como grupos hai e outorga os permisos correspondentes de edición a cada grupo. Cada grupo, a partir dun guión ofrecido polo profesor/a e do acompañamento que este lle vai ofrecer, responsabilízase da edición da súa parte. Finalmente, este material elaborado utilizarase nas exposicións orais diante dos compañeiros da aula. No proceso de avaliación inclúese unha rúbrica, a autoavaliación do alumnado mediante un Formulario en Drive, e a propia valoración crítica do mestre/a.

<https://sites.google.com/site/histmodcontemp3cicloprim/> Site Historia Moderna e Contemporánea – 6º de Primaria.

6. CONCLUSIÓNS FINAIS

As nosas conclusións centrámolas arredor de tres elementos principais:

- . O desenvolvemento de competencias básicas
- . A metodoloxía de traballo por proxectos
- . As posibilidades de uso da plataforma Sites de Google

O desenvolvemento das competencias básicas no noso alumnado é o faro sempre visible que guía e dá sentido ao proceso de ensino-aprendizaxe. O deseño do traballo de investigación proposto ao alumnado parte desta premisa e mantena sempre por diante. Xa referimos nun apartado máis arriba as competencias básicas que foron traballadas de xeito máis notorio, entre as que lembramos: a Competencia Dixital e de Tratamento da Información (a través da busca, selección, análise e comunicación da información elaborada polo alumnado), a Competencia en Comunicación Lingüística (mediante a elaboración dun traballo escrito, os debates de aula e as exposicións orais), a Competencia no Coñecemento e Interacción co Mundo Físico (asumindo o alumnado o rol de científicos que buscan preservar o ecosistema animal do contorno e polo tanto sensibilizando cara ao seu coidado), a Competencia Social e Cidadá (mediante o traballo cooperativo, o respecto das normas de diálogo, a resolución de conflitos), a Competencia para Aprender a Aprender (organizando os pasos seguidos no estudo dun tema, utilizando ferramentas de síntese e organización da información como os mapas conceptuais), ou a Competencia na Autonomía e Iniciativa Persoais (permitindo buscar información proposta polo propio alumnado, acollendo propostas espontáneas ou respectando diferentes ritmos de traballo dos grupos).

A metodoloxía de traballo por proxectos parécenos moi axeitada e moi completa para facilitar o desenvolvemento das competencias básicas no alumnado, facéndoos protagonistas da súa aprendizaxe e xogando o mestre/a un papel de guía e acompañante desas aprendizaxes. Especialmente relevantes consideramos os momentos de motivación e posta en común de experiencias e coñecementos previos, que van constituír a fonte de enerxía que dé un impulso imparabile ao traballo. Incluímos nesta metodoloxía o traballo cooperativo en grupos, e o respecto polos diferentes ritmos de aprendizaxe.

Por último, engadir que a plataforma de Sites de Google (e as wikis en xeral), constitúen un dos recursos máis completos que podemos atopar hoxe en día para facilitar a aprendizaxe do alumnado e o desenvolvemento das competencias básicas. Vimos que dentro dun Site podemos integrar unha Webquest (outro recurso excelente), que podemos deseñar unha unidade didáctica ou traballo de investigación nas súas diferentes partes, que podemos recoller a memoria do traballo desenvolvido na aula, e dando un pasiño máis adiante, pero sen dúbida de gran transcendencia, podemos outorgar ao noso alumnado os permisos precisos para que eles mesmos editen a Site segundo as tarefas propostas, e gañen deste modo autonomía e responsabilidade.

7. BIBLIOGRAFÍA

[Viaxamos polo mundo](#), CEIP O Hío (Pontevedra), os alumnos de 6º de Primaria elaboran unha guía turística a partir das tarefas propostas.

[Historia moderna e contemporánea – 6º de Primaria](#), CEIP O Hío (Pontevedra), os alumnos elaboran un tema a partir dun guión do profesor/a dispoñendo de permisos de edición de páxinas nun Site de Google.

[Proxecto micolóxico](#), colexio Menesianos (Palencia), os alumnos de terceiro ciclo de primaria elaboran unha guía micolóxica, en sección bilingüe. Tamén está explicado detalladamente no [Blog de TIC en linguas estranxeras](#).

[Proxecto Comenius: Viajar abre la mente ¡Viajemos juntos!](#), 3º ciclo de primaria, colexio Menesianos, Palencia.

[Viajando con el circo, proxecto colaborativo de educación física](#), centros de primaria de toda España.

[Seis grupos, seis tarefas](#), deseño de actividades educativas na web20, do CPR de Logroño, maio 2011. Dividimos a clase en 6 grupos e cada un fai de forma rotativa 6 tarefas.

[Nuestros pueblos](#), Dirixido ao alumnado de educación primaria. Proxecto colaborativo con escolas de España e Latinoamérica, ten por obxectivo traballar co alumnado o estudo da súa localidade en distintos ámbitos: a cultura, a tradición e costumes, formas de vida, edificios e monumentos, etc.